



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Política social

|                       |  |        |       |              |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia               | Política social  |        |       |              |
| Código                | O05G220V01404  |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Traballo Social                                      |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS  | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6  | OB     | 2     | 2c           |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Galego<br>Portugués                      |        |       |              |
| Departamento          | Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía |        |       |              |
| Coordinador/a         | Fernández Álvarez, Antón Lois                                |        |       |              |
| Profesorado           | Fernández Álvarez, Antón Lois                                |        |       |              |
| Correo-e              | alfa@uvigo.es  |        |       |              |
| Web                   |  |        |       |              |

|                  |  |  |  |  |
|------------------|--|--|--|--|
| Descrición xeral | <p>A Política Social é unha materia cuxos contidos son fundamentais na formación dos traballadores sociais, permitindo o coñecemento do marco xeral no que se desenvolven os sistemas de benestar social nos que intervén como profesional.</p> <p>O presente plan de traballo pretende proporcionar coñecementos e elementos de reflexión cos seguintes fins:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- estudo dos aspectos conceptuais da política social;</li> <li>- aproximación teórico-metodolóxica ao Estado de Benestar;</li> <li>- confrontar diversas interpretacións da política social;</li> <li>- analizar o estado actual da política social no noso país;</li> <li>- efectos da integración europea e a mundialización das relacións sociais.</li> </ul> |  |  |  |
|------------------|--|--|--|--|

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

|        |  |  |  |  |
|--------|--|--|--|--|
| Código |  |  |  |  |
| A1     | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.   |  |  |  |
| A2     | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.   |  |  |  |
| A3     | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.   |  |  |  |
| A4     | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.  |  |  |  |
| A5     | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.   |  |  |  |
| B1     | Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias   |  |  |  |
| B5     | Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización  |  |  |  |
| C2     | Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz  |  |  |  |
| C7     | Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes) |  |  |  |

|     |   |
|-----|---|
| C8  | Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinação historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment) |
| C10 | Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes  |
| C13 | Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir   |
| C21 | Participar na administración e dirección de entidades de benestar social  |
| C24 | Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados   |
| D1  | Capacidade de análise e síntese   |
| D3  | Capacidade reflexiva  |
| D4  | Comunicación oral e escrita nas linguas nativas   |
| D10 | Toma de decisións   |
| D15 | Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade   |
| D16 | Razoamento crítico  |
| D17 | Compromiso ético  |
| D24 | Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.  |

### Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia  | Resultados de Formación e Aprendizaxe |    |            |                  |
|--|---------------------------------------|----|------------|------------------|
| Coñecer os fundamentos e compoñentes da Política Social como disciplina académica e a súa relación histórica co Traballo Social              | A1<br>A2                              | B1 | C2<br>C21  | D1<br>D3         |
| Coñecemento e comprensión do proceso histórico de reforma social, e as orixes, desenvolvemento, crise e reformulación do Estado do Benestar. |                                       |    | C2<br>C21  | D17<br>D24       |
| Coñecementos básicos das distintas concepcións ideolóxicas do Estado do Benestar.  |                                       |    |            | D3<br>D15        |
| Coñecemento da xénese, evolución e consolidación do Estado do Benestar no Estado español.  |                                       |    | C7<br>C21  | D1<br>D3         |
| Traballar para a eliminación das barreiras, desigualdades e inxustizas que existen na sociedade.   |                                       | B5 |            | D16              |
| Capacidade para analizar e valorar a influencia social e o pensamento social e as súas implicacións no Traballo Social.                      | A3<br>A4                              |    | C13        | D3<br>D17<br>D24 |
| Ser capaz de comprender e valorar distintos discursos.   | A2                                    |    |            | D15              |
| Ser capaz de procurar o coñecemento a través de distintas vías.  | A5                                    |    | C8         |                  |
| Ser capaz de percibir e interpretar acontecementos con flexibilidade.  |                                       |    |            | D3<br>D16        |
| Capacidade para desenvolver criterios de avaliación e aplicalos ao proceso de aprendizaxe.   | A3<br>A4                              |    |            | D3<br>D16        |
| Habilidade para dialogar e chegar a acordos en traballos en grupo.   |                                       |    | C10<br>C24 | D10              |
| Demostrar habilidade na expresión oral de ideas propias e análises reflexivas en público.  | A4                                    |    |            | D3<br>D4         |

### Contidos

| Tema   |   |
|--|---|
| 1. Fundamentos históricos e teóricos da política social.                   | Que é a Política Social? As distintas políticas sociais.  |
| 2. O Estado do benestar: concepto e antecedentes                           | Antecedentes históricos. caracterización do Estado de Benestar: precedentes e manifestación plena. Política social do Estado de Benestar: posicións dominantes. |
| 3. Cuestionamiento do Estado de benestar e a súa política social           | A "crise" do Estado do Benestar. Cuestionamiento dos alicerces teóricos do Estado do Benestar. Precedentes e generalización da crítica nos anos oitenta. .      |
| 4. Principais propostas teórico-políticas á crise do Estado de benestar I  | A crítica neoconservadora do Estado social: Crítica filosófica; Crítica dos dereitos individuais; Crítica utilitarista.   |
| 5. Principais propostas teórico-políticas á crise do Estado de benestar II | A "crítica da esquerda" do Estado social: Enfoque funcionalista. Enfoque conflictualista.   |
| 6. Transformacións sociais actuais e as políticas sociais                  | O futuro do Estado do Benestar na sociedade informacional. Política social e globalización. Política social e exclusión social.                                 |

### Planificación

|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral                       | 22.5          | 13                 | 35.5         |
| Presentación                            | 10.5          | 7                  | 17.5         |
| Seminario                               | 8             | 6                  | 14           |
| Prácticas con apoio das TIC             | 0             | 8                  | 8            |
| Exame de preguntas obxectivas           | 1             | 15                 | 16           |
| Traballo                                | 1             | 25                 | 26           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1             | 14                 | 15           |
| Exame de preguntas de desenvolvemento   | 1             | 17                 | 18           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|                             | Descrición  |
|-----------------------------|---|
| Lección maxistral           | Exposición, por parte da docente, dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, das bases teóricas e/ou das directrices dun traballo, do exercicio ou do proxecto a desenvolver polo/a estudante.                               |
| Presentación                | Exposición, por parte do alumnado, ante a docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. |
| Seminario                   | Entrevistas que o/a alumno/a mantén coa profesora da materia para o asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.   |
| Prácticas con apoio das TIC |   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición                              |
|--------------|---|
| Seminario    | atención personalizada de grupos        |
| Probos       | Descrición                              |
| Traballo     | tutorización personalizada de traballos |

### Avaliación

|   | Descrición  | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe   |
|---|---|---------------|---|
| Presentación                            | Realiza e defender o traballo ao resto de compañeir@s. Defender publicamente o seu traballo, respondendo ás preguntas e críticas dos seus compañeir@s e do docente. Poderá explicar, a modo de conclusión, os problemas cos que se topou durante a elaboración do traballo. | 20            | A1 C8 D1<br>A2 C10 D3<br>A3 C13 D4<br>C21 D10<br>C24 D15<br>D16<br>D17<br>D24 |
| Exame de preguntas obxectivas           | Realización do exame que poderá ser unha proba con preguntas tipo test  | 30            | A1 C21  |
| Traballo                                | Realización das prácticas subidas na plataforma MOOVI.  | 20            | A2 B1 C2<br>A3 B5 C7<br>A4 C8<br>A5   |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | exame de preguntas de desenvolvemento   | 30            | A1 C10<br>C13   |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### Avaliación continua:

- **A avaliación das/os estudantes matriculadas/os na materia farase atendendo aos criterios explicados na guía docente.**
- **A avaliación continua implica unha asistencia mínima a un 80% das aulas.**
- **A avaliación será preferentemente continua, o estudantado que renuncie á avaliación continua poderá optar pola avaliación global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido.**

- O atraso na presentación das prácticas pode conlevar descontó na nota de cada unha delas ou inadmisión da entregada fóra do tempo.
- A cualificación final da materia distribuirase da seguinte forma:
  - Prácticas dos Grupos medianos: 20%
  - Realización e defensa do traballo dos Grupos pequenos; 20%
  - Preguntas tipo test do exame: 30%
  - Preguntas de desenvolvemento do exame: 30%

#### **Avaliación global:**

- Quen se acolla a esta modalidade de avaliación terá que presentar no mesmo prazo que os estudante da avaliación continua as prácticas que fixe o profesor.
- O atraso na presentación das prácticas pode conlevar descontó na nota de cada unha delas ou inadmisión da entregada fóra do tempo.
- A cualificación final da materia distribuirase da seguinte forma:
  - Prácticas (30%)
  - Lecturas obrigatorias (10%)
  - Proba de preguntas obxectivas (30%)
  - Proba de preguntas de desenvolvemento, etc. (30%)

#### **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (2ª oportunidade)**

As probas (parte teórica o parte práctica) superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª oportunidade, considerándose aprobadas nese curso académico. Non se gardarán notas dun curso a outro.

A 1ª oportunidade, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria extraordinaria.

#### **MODALIDADE de AVALIACIÓN GLOBAL**

As e os estudantes que decidan optar pola avaliación global, deberán poñerse en contacto co profesor para notificar esta opción a comezos de curso e sempre antes do prazo establecido.

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado non asistencial e do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

CONTRERAS PELÁEZ, F. J., *Defensa del Estado Social*, 1996,

RUBIO LARA, M. J., *El Estado Liberal y el Estado Liberal-Democrático* en A. DE BLAS GUERRERO, M. J. RUBIO LARA y J. DE ANDRÉS SANZ, *Teoría del Estado*, 2003,

RUBIO LARA, M. J., *El Estado de Bienestar* en A. DE BLAS GUERRERO, M. J. RUBIO LARA y J. DE ANDRÉS SANZ, 2003,

---

### **Bibliografía Complementaria**

---

ARRIBA GONZÁLEZ DE DURANA, A., **El concepto de exclusión en política social**, Documento de Trabajo 02-01, 2002,

---

T. FERNÁNDEZ GARCÍA Y Y. M. DE LA FUENTE, **Política Social y Trabajo Social**, 2009,

---

GARCÍA-PELAYO, M., **Las transformaciones del Estado contemporáneo**, 1977,

---

MONTAGUT, T., **Política Social**, 2000,

---

NAVARRO, V., **Bienestar insuficiente, democracia incompleta. De lo que no se habla en nuestro país.**, 2003,

---

SODARO, M., **Política y Ciencia Política. Una introducción**, 2006,

---

VELARDE FUERTES. J. y CERCAS ALONSO, A., **El Estado del Bienestar.**, 1999,

---

MORENO, L., **Reformas de las políticas del bienestar**, 2009,

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

---

Política social europea/O05G220V01503

Políticas públicas en España/O05G220V01602

Sistemas de bienestar social comparados/O05G220V01904

---

### **Outros comentarios**

---

A comezos de curso e sempre antes de finais de xaneiro, as e os estudantes deberán dispor na plataforma MOOVI dunha dirección de correo electrónico e unha fotografía.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

---